

O presidente do Parlamento participa na inauguración da exposición *Alba de Gloria*

- “Galicia exerce arestora unha autonomía política tributaria do traballo previo de persoeiros como Castelao”

Santiago, 7 de novembro de 2018.- O presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices Vieira, participou esta tarde na inauguración da exposición *Alba de Gloria* que ten lugar na Igrexa de San Domingos de Bonaval.

Santalices destacou o traballo do equipo do Consello de Cultura Galega e do comisario da mostra, Manuel Gago, por ter deseñado unha iniciativa que “axudará a coñecer e interpretar mellor a nosa historia e os seus protagonistas”.

O presidente lembrou a Castelao, figura protagonista da exposición, e a outros persoeiros como Alexandre Bóveda, Rajoy Leloup ou Otero Pedrayo, e destacou a súa entrega absoluta a favor da autonomía de Galicia. “Esta inauguración contribúe a saldar a débeda de recoñecemento público que as xeracións actuais mantemos tanto con Castelao como cos demais patriotas galegos coetáneos” reiterou Santalices.

Alba de Gloria, é parte fundamental de Sempre en Galicia, “considerada por moitos como a Biblia do galeguismo democrático”. Este discurso foi lido durante o retorno dos restos de Castelao a Galicia, na Igrexa de San Domingos de Bonaval, onde hoxe ten lugar a mostra.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.